

ANUNCIO : APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NUM. 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)

Datos do Expediente:

Nº Expediente:	2023/G016/000003
Data:	26/10/2023
Obxecto:	Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 4 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)

O Pleno com oito votos a favor do PP e cinco em contra do BNG e do PSdeG-PSOE, ACORDOU:

“Visto a necesidade de modificar a Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) para incrementar a carga tributaria derivada da imposición deste imposto para adecuar a recadación á realidade actual, caracterizada por un incremento nos últimos anos dos servizos aos que o Concello debe atender así como do custo da súa prestación, o que está a contribuír no aumento da situación estrutural de remanente de tesouraría negativo que este concello debe sanear por imposición legal segundo o artigo 193 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais,

Considerando que a cota tributaria esixida no IVTM correspóndense co cadro de tarifas publicadas na aprobación definitiva do imposto no BOP núm. 299 do 30.12.2004, sen que foran modificadas nos últimos case 20 anos, e nas que se viña aplicando un coeficiente de incremento do 1,10.

Considerando a posibilidade que establece o artigo 95.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de incrementar as cotas establecidas no cadro de tarifas, mediante a aplicación sobre elas dun coeficiente que non poderá ser superior a 2, propónse modificar o artigo 8º “cota tributaria” de acordo co seguinte:

<i>Coeficiente de incremento actual</i>	<i>1,10</i>
<i>Coeficiente de incremento proposto</i>	<i>1,35</i>
<i>Importe padrón 2023</i>	<i>271.699,66 euros</i>
<i>Importe previsión incremento</i>	<i>333.448,84 euros</i>

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

Á vista da documentación que obra no expediente 2023/G016/000003 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse ao pleno acordar:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 4 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica de acordo coa redacción que se achega.

Segundo: Someter a dita modificación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP), por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentando e aprobando a redacción definitiva da modificación a que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario,

Terceiro: Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro das modificacións da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

TEXTO ÍNTEGRO DA MODIFICACIÓN

Modifícase o artigo 8 que pasa a ter a seguinte redacción:

Artigo 8º.- Cota tributaria

1.- O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,35 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

Potencia e clase de vehículo	Cota-Euros
A) Turismos:	
De menos de oito cabalos fiscais	17,04 €
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	46,01 €
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	97,12 €
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	120,97 €
De 20 cabalos fiscais en diante	151,20 €
B) Autobuses:	
De menos de 21 prazas	112,46 €
De 21 a 50 prazas	160,16 €
De máis de 50 prazas	200,21 €
C) Camións:	
De menos de 1.000 kilogramos de carga útil	57,08 €

De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	112,46 €
De máis de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil	160,16 €
De máis de 9.999 kilogramos de carga útil	200,21 €
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais	23,85 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	37,49 €
De máis de 25 cabalos fiscais	112,46 €
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
De menos de 1.000 e máis de 750 kilogramos de carga útil	23,85 €
De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil	37,49 €
De máis de 2.999 kilogramos de carga útil	112,46 €
F) Vehículos:	
Ciclomotores	5,97 €
Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	5,97 €
Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos	10,22 €
Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos	20,45 €
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos	40,89 €
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	81,78 €

2.-Para os efectos de facilitar a aplicación das tarifas, deberanse ter en conta a seguinte normativa:

A) En canto a clasificación dos vehículos, o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, que recolle nas súas letras A", "B" e "C", as "Definicións", "Clasificación por criterios de Construción" e "Clasificación por criterios de utilización"

B) En canto a determinación da potencia fiscal, mediante as formulas recollidas no Anexo V do referido Regulamento Xeral De Vehículos.

3.- No caso de que nas Leis de Orzamentos do Estado modificárase o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,35 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas Leis de Presupostos estatais.

Vedra, 27 de outubro de 2023
(Documento assinado dixitalmente)